

## **ESPECIALIDADE DE MÚSICA DE CÁMARA**

### **PROBAS DE ACCESO A CURSOS DE GRAO PROFESIONAL**

#### **Criterios de avaliación**

- Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.
- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estudiar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

- Interpretación pública dunha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e grafías, así como o equilibrio sonoro dentro dun conxunto de instrumentos de morfologías diversas e pouco habituais.

### **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agónica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etcétera. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Voz e piano: acompañamento ao canto.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as

características das súas diferentes versións.

### **Obras orientativas:**

Debido á ampla variedade de agrupacións e posibles combinacións entre instrumentos, figuran na programación do curso para esta materia un listado de obras orientativas que o alumnado interesado poderá consultar.